

CONCURSOS DE DISFRACES DO ENTROIDO DE RIBEIRA 2023

SÁBADO 18 DE FEBREIRO

BASES

Enmarcado dentro do Entroido 2023, o **Concello de Ribeira** en colaboración coa Asociación de Empresarios e a Hostalaría de Ribeira organiza un concurso de disfraces premiando con diversas gratificacións económicas nas súas categorías a mellor individual, parella e grupo. As condicións e requisitos para a participación son as seguintes:

1.- PARTICIPANTES DISFRAZADOS

1.1.- Poderán participar aquelas **persoas maiores de 18 anos**. Non obstante o anterior, non poderán participar nin donos e empregados dos locais participantes, así como persoal da área de cultura do Concello de Ribeira.

1.2.- Os participantes só poderán inscribirse nunha categoría e non poderán obter máis dun premio por concurso.

2.- PARTICIPACIÓN DOS LOCAIS - INSCRICIÓN

Os **locais hostaleiros que queiran participar** deberán inscribirse no enderezo electrónico comercio@ribeira.gal ou no **telf. 686 58 70 00** a partir da publicación dos concursos no Boletín oficial da Provincia (BOP) e **como data límite ata o luns 13 de febreiro de 2023 ás 10:00 h.**

Aos locais participantes entregaráselle tarxetas coa ruta dos distintos locais hostaleiros que deberán entregar aos clientes que desexen concursar e deberanlla selar aos concursantes en cada establecemento (nun mínimo de cinco establecementos diferentes) que despois entregarán no prazo establecido.

3.- CONCURSO

O concurso ten por finalidade premiar aquelas persoas que resulten elixidas como mellores disfraces do **ENTROIDO 2023** no municipio ribeirense.

3.1. Mecánica do concurso

Poderá formar parte do concurso toda persoa ou grupo de persoas maiores de idade que acudan disfrazados aos locais hostaleiros, adscritos a este certame, **a noite do sábado 18 de febreiro en horario de 20:30 h a 1:30h.**

Nestes establecementos poderán pedir unha tarxeta con todos os locais participantes das que deberán ter selo ou firma de ao menos cinco deles para que sexa válida.



FIRMANTE - FECHA



Todos os participantes no concurso deberán enviar a imaxe da tarxeta selada e a fotografía do disfrace (sacada nun dos locais hostaleiros adscritos) ao enderezo electrónico comercio@ribeira.gal cos seguintes datos persoais (nome, apelidos, teléfono de contacto e DNI) dunha das persoas (representante) que aparecen na mesma e indicar a que categoría ou modalidade do concurso se presenta (individual, parella ou grupo) sendo empregada para a deliberación do Xurado, cedendo o dereito da imaxe ao Concello de Ribeira.

3.2.Requisitos de participación

Maiores de idade que acudan disfrazados aos locais participantes nas datas e horarios sinalados e realicen unha imaxe nos mesmos, cubrindo unha tarxeta selada ao efecto segundo o especificado nestas bases. A Organización resérvase o dereito a excluír do concurso a aqueles participantes que non reúnan os requisitos de validación que considere necesarios.

3.3.Duración

O concurso desenvolverase nos locais de hostalería do municipio de Ribeira adscritos a este certame no prazo sinalado, durante **a noite do sábado 18 de febreiro de 2023 dando comezo ás 20:30 horas e remate ás 1:30h.**

3.4. Prazos para enviar as fotografías

Os prazos para remitir os datos, a imaxe da tarxeta selada e a fotografía dos participantes é a seguinte: **dende o sábado 18 de febreiro a partir das 20:30 h ata o mércores 22 de febreiro ás 12:00 h.**

4.- PREMIOS

O concurso outorga premios cun **importe total de 1.775,00 €** distribuídos en tres categorías e tres premios para cada unha delas.

Categorías:

Existen tres categorías con tres premios para cada unha delas: **mellor disfrace individual, mellor parella e mellor grupo**, este último composto por un mínimo de catro persoas.

Os premios serán outorgados aos mellores disfraces ou conxunto dos mesmos establecéndose as seguintes modalidades premiadas:

- INDIVIDUAL

1º PREMIO: 150 €

2º PREMIO: 75 €

3º PREMIO: 50 €

- PARELLA

1º PREMIO : 250 €

2º PREMIO: 150 €

3º PREMIO: 100 €

- GRUPO (mínimo de catro persoas)

1º PREMIO: 500€

2º PREMIO: 300€



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000FA5E000G9U4S4B3A3N9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 06/02/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/02/2023 10:07:36

EXPEDIENTE ::
2023CONV000002

Fecha: 19/01/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E7000FA5E000G9U4S4B3A3N9



3º PREMIO: 200 €

A todos os premios seralles de aplicación a redución do IRPF correspondente. O Concello de Ribeira poñeráse en contacto cos gañadores para facer efectiva a entrega dos diplomas nun acto público así como das gratificacións das categorías premiadas que serán a través de transferencia bancaria podendo solicitarlle a documentación necesaria para tal fin.

5.- XURADO

O Xurado do concurso estará composto por membros do **Concello de Ribeira e da Asociación de Empresarios e Hostalaría de Ribeira** que emitirán o seu veredicto ao longo do mes de marzo do presente ano podendo facer a entrega ata o mes de abril.

6.- TRATAMENTO DOS DATOS, IMAXE E DEREITOS DE AUTOR

Os participantes do concurso, ao facilitar os seus datos e as imaxes, ceden automaticamente os dereitos de divulgación e reprodución por Internet ou por calquera outro medio audiovisual, das fotografías que se tomen durante o desenvolvemento do mesmo. Esta cesión realízase no contexto do presente concurso e afecta tamén aos datos persoais segundo o disposto na lexislación vixente na materia. Así mesmo, os participantes consenten automaticamente ao participar a utilización de devanditas imaxes nas que poidan aparecer, para os fins descritos no parágrafo anterior.

7.- ACEPTACIÓN DAS BASES

A aceptación destas Bases é condición indispensable para a participación no concurso e para poder optar aos premios (o feito de concursar supón a aceptación das bases). O incumprimento por calquera participante das condicións establecidas nas Bases suporá a súa anulación automática non podendo optar aos premios.

8.- DECISIÓN DO XURADO

O xurado terá a potestade de decidir no marco destas bases sendo inapelable o seu xuízo, así como declarar deserto algún dos premios sempre e cando considere que a calidade dos disfraces non acaden o mínimo esixido segundo o seu criterio.

En Ribeira, á data da sinatura dixital.

María José Sampedro Fernández.
Concelleira de Cultura



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E7000FA5E000G9U4S4B3A3N9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA JOSE SAMPEDRO FERNANDEZ-CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA, URBANISMO, PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO ORZAMENTARIO - 06/02/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 06/02/2023 10:07:36

EXPEDIENTE ::
2023CONV000002
Fecha: 19/01/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E7000FA5E000G9U4S4B3A3N9